



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Historia	Código	613G01009	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Velasco Souto, Carlos Francisco	Correo electrónico	carlos.velasco@udc.es	
Profesorado	Velasco Souto, Carlos Francisco	Correo electrónico	carlos.velasco@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Análise do discurso histórico como marco de referencia para os estudos lingüísticos e literarios. Comentario dalguns dos conceptos básicos no uso e a escritura da historia como a temporalidade, o espazo, suxeito, obxecto e evolución do discurso histórico.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.		B2	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B9	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.			C5
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Ter e saber aplicar os coñecementos básicos que permitan reflexionar sobre a disciplina histórica	A2	B3	C4
Coñecer o uso que dos conceptos fundamentais tratados se ten feito polos propios historiadores	A23	B3	C4
Coñecer a aportación da historia, a literatura e a memoria para a representación do pasado	A2	B1	C1
Saber que os conceptos, as escrituras e a investigación histórica están en permanente construción	A2	B1	C1
	A23	B3	C6



Utilizar os coñecementos e técnicas propias da historia no ámbito doutras disciplinas, nomeadamente as relacionadas coa linguaxe como a lingüística e a literatura	A1	B1	C1
	A2	B3	C4
	A3	B4	C7
	A23	B5	C8
		B6	
		B7	
		B8	
		B9	
		B10	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Consideracións xerais acerca da Historia	1.1. Conceito de Historia 1.2. Obxecto e suxeito da Historia 1.3. Método e Teoría 1.4. O espazo e o tempo na Historia
2. O discurso histórico na Antigüidade	2.1. Os precedentes de Egipto, Mesopotamia e outras altas culturas urbanas 2.2. Da historiografía grega ás interpretacións proféticas do cristianismo
3. Da teocracia medieval ao racionalismo da Ilustración	3.1. A teoría das "tres ordes" do feudalismo 3.2. As crónicas medievais 3.3 A singularidade das historiografías non cristiás. Ibn Jaldun 3.4. A crítica renacentista 3.4. A racionalidade ilustrada
4. Revolución francesa e liberalismo: o salto cara a construción da Historia como ciencia	4.1. O nacemento da historiografía moderna. 4.2. Discurso histórico e nacionalización do pasado 4.3. As variantes do discurso histórico: liberalismo, romantismo, positivismo e historicismo alemán 4.4 A literatura histórica: literaturas nacionais e sistemas literarios 4.5 Alguns estudos de caso
5. As multitudes na Historia	5.1. A renovación dos "Annales" e a Historia Económica 5.2. O materialismo histórico
6. A crise do discurso histórico nos finais do século XX.	6.1. A destrución da Historia como ciencia 6.2 A volta á narración e outras alternativas.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	2	30	32
Recensión bibliográfica	0	25	25
Obradoiro	7	4	11
Lecturas	0	38	38
Sesión maxistral	21	0	21
Discusión dirixida	14	7	21
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Proba obxectiva	Proba escrita para a avaliación da aprendizaxe. Versará sobre os contidos teóricos estudados no curso e recollidos no temario da asignatura.
Recensión bibliográfica	Reseña dun libro indicado polo profesor. A recensión non supón un simple resumo da obra senon unha lectura profunda, un análise do seu contido e unha valoración crítica se proceder. A extensión non excederá das seis follas mecanografadas a tamaño 12 (descontada a capa).
Obradoiro	Análise, comentario e debate dunha novela histórica en grupos reducidos. Deberán participar no debate todos os alumnos sen excepción, o que implica a asistencia obrigatoria ás aulas interactivas. Se for o caso, o profesor poderá exixir a entrega de breves comentarios por escrito relacionados cos textos obxecto de debate. Os alumnos en situación de dispensa académica realizarán esta actividade no gabinete do profesor, debatendo e dialogando con ele conforme a un cronograma previamente combinado.
Lecturas	Lectura por conta do alumno do material bibliográfico seleccionado e recomendado polo profesor. As tais lecturas estarán relacionadas coa materia do temario.
Sesión maxistral	Exposición oral a cargo do profesor, centrada nos contidos do programa da asignatura
Discusión dirixida	Debate na aula na base de materiais previamente distribuídos polo profesor e lidos polo alumno en horas non presenciais. O profesor orientará o debate. Deberán participar todos os alumnos sen excepción, o que implica a asistencia obrigatoria ás aulas interactivas. Se for o caso, o profesor poderá exixir a entrega de breves comentarios por escrito relacionados cos textos obxecto de debate. Os alumnos en situación de dispensa académica realizarán esta actividade no gabinete do profesor, debatendo e dialogando con ele conforme a un cronograma previamente combinado.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Recensión bibliográfica	Na proba obxectiva o profesor deberá resolver as dúbidas que poda levantar a formulación das preguntas ou calquera cuestión relacionada coa materia obxecto de exame. Tamén deberá esclarecer a modalidade de exame a realizar e a correspondente valorización de cada pregunta.  No caso da recensión, o profesor clarificará igualmente todas as dúbidas colocadas polo alumno a respecto da elaboración da mesma.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	Será avaliada a exposición realizada polo alumno consoante a criterios de articulación e coherencia expositiva e adecuación ás cuestións formuladas.	40
Recensión bibliográfica	Será obxecto de estimación a capacidade analítica, de comprensión e de síntese a respecto do material a recensar, ben como a claridade espositiva do discurso.	40
Discusión dirixida	Valorizarase a capacidade de argumentar e contrastar a opinión propia coa dos compañeiros e compañeiras da aula. Toda opinión deberá estar debidamente fundamentada, non emitida á toa.	10
Obradoiro	Apreciarase de modo especial a capacidade para traballar e debater en grupo e a receptividade para coas argumentacións dos demais.	10

## Observacións avaliación



1. Para superar a materia é obrigatorio: - Superar a proba obxectiva - Ter entregado en tempo e forma todas as actividades (recesions e comentarios) encargadas durante o curso. Caso da suma das cualificacións do conxunto das metodoloxías ultrapasar os cinco puntos sen se teren alcanzado un mínimo de dous na proba obxectiva, farase constar como cualificación final 4,9 implicando un suspenso na materia.&nbsp;
2. Serán avaliados os alumnos que&nbsp;asistiren à&nbsp;proba obxectiva e&nbsp;entregaren a totalidade das&nbsp;actividades encargadas (recensións e resumos).&nbsp;Onde non,&nbsp;serán considerados como non presentados.
3. As faltas de ortografía (grallas) e/ou incorreccións léxico-gramaticais poderán ser motivo de suspenso automático cando muito graves e reiteradas. En calquera caso suporán unha diminución da nota.
4. Os alumnos/as en situación de matrícula a tempo parcial ou dispensa académica deberán realizar os mesmos traballos e probas que os estudantes suxeitos á matrícula ordinaria, conforme ás variantes para eles establecidas no apartado das metodoloxías.
5. Na "segunda oportunidade" de xullo, a avaliación das actividades interactivas correspondentes ás metodoloxías "Obradoiro" e "Discusión dirixida" será realizada sobre a base da presentación, por parte do alumno/a, de resumos das leituras obxecto de debate nas ditas actividades ao longo do curso.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Fontana, Josep (1982). Historia. Análisis del pasado y proyecto social. Barcelona, Crítica</li><li>- Pagés, Pelai (1983). Introducción a la Historia. Barcelona, Barcanova</li><li>- Fontana, Josep (1999). Introducción al estudio de la Historia. Barcelona, Crítica</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Fernández Pérez-Sanjulián, C. (2003). A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo. Concello de Pontevedra e Fundación Caixa Galicia</li><li>- Ferreira da Cunha, C. M. (2002). A construción do discurso da historia literaria na literatura portuguesa do século XIX.. Universidade do Minho. Centro de Estudos Humanísticos</li><li>- Hobsbawm, E. e Ranger, T. (1984). A invenção de tradições. Rio de Janeiro, Paz e Terra</li><li>- Thompson, J. (2009). As novelas da memoria: trauma e representación da historia na Galicia contemporánea.. Vigo, Galaxia</li><li>- Velasco Souto, C. F. (2011). Discurso histórico e construción da identidade nacional. O caso da Galiza. <a href="http://illa.udc.es/novelahistoricagalega/estudos/estudos.html">http://illa.udc.es/novelahistoricagalega/estudos/estudos.html</a></li><li>- Salinas Portugal, F. (2003). Emerxencia literaria e construción nacional: o romance fundacional. A Tavares (Org.):Estudos Galego Brasileiros. Rio de Janeiro</li><li>- González -Stephan, B. (2002). Fundaciones: canon, historia y cultura nacional. La historiografía literaria del liberalismo hispanoamericano del siglo XIX.. París/Frankfort, Iberoamericana-Vervuert.</li><li>- Vega, Mª J. (2003). Imperios de papel. Introducción a la crítica postcolonial. Barcelona, Crítica</li><li>- Ainsa, F. (1997). Intervención literaria y "reconstrucción" histórica en la nueva narrativa latinoamericana.. K. Kohut (ed.): La invención del pasado. La novela histórica en el marco de la posmodernidad. Frankf</li><li>- Thiesse, A. M. (2010). La creación de las identidades nacionales. Madrid, Ezaro</li><li>- Casanova, P. (2001). La República mundial de las letras.. Barcelona, Anagrama</li><li>- Moradiellos, E. (2002). Las caras de Clío. Introducción a la historia. Madrid, Siglo XXI editores</li><li>- Velasco Souto, C. F. (2011). Memoria histórica, identidade nacional e discurso literario na Galiza. Helena Rebelo (org.): Lusofonia. Tempo de reciprocidades. Porto, Ed. Afrontamento</li><li>- Llorens, I. (1998). Nacionalismo y literatura. Constitución e institucionalización de la "república de las letras cubanas". Universitat de Lleida</li><li>- Bermejo Barrera, J. C. (2000). Pensa-la Historia. Ensaos de Historia teórica. Vigo, Ir Indo</li><li>- Hernández Sandioca, E. (2004). Tendencias historiográficas actuales. Madrid, Akal</li><li>- Carr, E. H. (2003). ¿Qué es la historia?. Barcelona, Ariel</li></ul>



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

O profesor recomenda para un desenvolvemento satisfactorio da materia: - Seguemento puntual das clases - Realización das lecturas obrigatorias - Mantimento dunha actitude autocrítica co traballo realizado, sempre na procura dunha mellora constante - Recorrer ao profesor no momento en que ao alumno se lle presentaren dúbidas e problemas

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías